


Soberanía dixital 1:
Retomando as
prazas públicas

amarinha.gal

E... de onde sae o internet?



José Manuel Ventoso Picos

En áreas rurais como a nosa sorprendémonos cando nenos e nenas da cidade veñen no verán e descubren que o leite non ven dun cartonciño do super, senón das vacas. Esta sorpresa rápido se torna en preocupación por eles xa que non saben que están a consumir e non teñen ferramentas para conseguir o seu alimento fóra de acudir a grandes empresas.

Outra sorpresa cotiá, neste caso para quen naceu antes que internet, é o rápido que parece que as novas xeracións conseguen utilizar calquera aparello ou programa. Semella que saben de maneira innata que botón premer para comandar esta maxia. Por desgraza, o que está a acontecer é algo parecido ao anterior, o único ao que poden acceder é a información adulterada e consumir produtos que os danan.

Semella que a tecnoloxía é algo que nos ven dado, sobre o que non temos ningún tipo de influencia. Ultimamente estamos a ver como as redes sociais permiten discursos de odio contra colectivos minoritarios ou mulleres mentres silencian mensaxes de apoio a países asediados polas guerras. Que facer ante isto, cando a maior parte da nosa comunicación ocorre a través de estas vías?

Retomando a metáfora que da inicio a este texto, non precisamos ser agricultores para saber que os produtos de proximidade tenden a ter máis calidade. Tampouco se esixe ningunha titulación para cociñar un xantar a partir de produtos frescos no canto de comprar un conxeadado

ultraprocesado. Pero coa tecnoloxía isto non parece existir.

Este fanzine que estás a ler, xunto coa reunión no que se distribue orixinalmente, pretende ser un punto de entrada a coñecer as accións que podemos facer como usuarios para retomar o control destes espazos de conversa fundamentais para a nosa sociedade.

O seguinte artigo de Lucía Ferro explora problemas das redes sociais "tradicionais" e que alternativas existen. Finalmente, Antonio Gregorio acota aínda máis a discusión para presentar amarinha.gal, unha destas alternativas centradas na mariña lucense.

Para esta primeira ocasión decidimos centrarnos nas redes sociais como introdución ao concepto da soberanía dixital. Pero hai moito máis, calquera ámbito da informática é subsceptible de ser interpretado dende un punto de vista máis próximo e responsable.

Cada páxina de internet á que accedemos é pouco máis que un arquivo gardado no ordenador de outra persoa ou empresa. Subir unha fotografía do mobil á "nube" non é distinto a conectar unha cámara ao noso ordenador para ve-las fotos. A maior diferenza é que no canto de quedar no noso disco, copiaranse no disco dunha grande empresa á que lle demos permiso para utilizala como dispoña.

Para a seguinte reunión ou a través de amarinha.gal, fainos saber que ferramentas dixitais usas no teu día a día polas que pagas ou conteñen anuncios, e buscaremos alternativas entre todos.



José Manuel
Ventoso Picos

[@admin@amarinha.gal](mailto:admin@amarinha.gal)

Existe a democracia nas redes sociais?



Lucía Ferro

Publicado orixinalmente en O salto

Con frecuencia, o espazo público virtual ten máis relevancia que o material e polo tanto exerce unha gran influencia sobre o desenvolvemento da política. Cando apareceu Internet moitas pensaron que sería o berce da verdadeira liberdade de expresión, e aínda que durante un tempo semellaba selo, a realidade actual é moi distinta.

Dous exemplos que mostran a influencia política das redes sociais centralizadas son o escándalo Facebook-Cambridge Analytica ou os favoritismos de Elon Musk pola dereita republicana. O fediverso, un conxunto de redes sociais abertas e descentralizadas, aparece ante a necesidade das usuarias de evitar estes ambientes puramente publicitarios.

Fuxindo dos famosos algoritmos e dos seus anuncios encubertos, moita xente está a migrar cara este novo universo. Aquelas que rexeitan a ditadura e o ambiente tóxico de Twitter atopan en Mastodon un lugar máis pacífico. Peertube dá unha alternativa libre a YouTube, e PixelFed trátase dun sucedáneo de Instagram.

O espírito do fediverso baséase na filosofía do software libre: coñecemento aberto e dispoñible para todas, tanto á hora de consumilo como de empregalo para crear novo contido.

O fediverso é un espazo no que podes aprender e interactuar con outras persoas sen ser vítima de intereses particulares ou da

publicidade. A súa organización destaca pola moderación descentralizada dos espazos de conversa, é dicir, a variedade de salas, cada unha cos seus valores propios. Non é unha única empresa a que decide sobre que é aceptable falar, senón que son diferentes entidades con diferentes ideoloxías, o cal xera unha densa diversidade de opinións. Como usuaria debes inscribirte nun deses servidores para poder acceder ao fediverso, mais podes cambiar de servidor cando así o desexas. No caso de que non che gusten os valores dun espazo en concreto, tamén podes manterte na rede social pero optar por outra sala.

Este tipo de espazos sociais melloran a privacidade na rede, xa que non permiten que unha única organización recompile todos os datos de cada usuaria, repartindo entre miles ese poder do que agora gozan unhas poucas empresas.

Estas novas redes sociais proporcionan maior liberdade de expresión, maior pensamento crítico, e tamén ofrecen unha ferramenta coa que crear o teu propio espazo virtual de debate no que se exploren novas temáticas que con frecuencia son ignoradas.

Vendo como de expostas estamos á manipulación mediática, todo apunta a que un futuro democrático precisará dunha renovación dos nosos espazos públicos onde se traten temas que incomoden á burguesía e se expoñan os síntomas dun incipiente feudalismo tecnolóxico.



Lucía Ferro

@lucia_ferro@amarinha.gal

"amarinha.gal"



Antonio Gregorio Montes

Publicado orixinalmente en Ribadeando

Unha nova instancia en Mastodon, amariha.gal, remata de ser creada. Aquí tento explicar de xeito resumido o que, para que, o como, e algunha cousiña máis accesoria. Pode que o lema que se lle poidera asignar soara algo así como 'un lugar teu e para ti onde atopar e promocionar eventos, produtos e servizos próximos á mariña '. Pero, imos centrar un pouco a situación, tendo en conta ademais que está a dar os seus primeiros pasos.

Recollo unha cita doutro lugar: 'Si hay dos elementos que caracterizan la privatización de un espacio público (...) son la "limitación de acceso al espacio" y su "mercantilización".'. O noso espazo de relación é un espazo mixto na súa constitución e comunitario no seu uso e fundamentos. Pouco a pouco pasou a estar rexido por leis, e polo tanto, considerado público tanto ou máis que comunitario. Vese a ollo nu no uso das rúas, en tempos ocupadas por carros tanto como por nenos xogando, e de onde agora teñen desaparecido estes últimos, expulsados primeiro polos vehículos a motor e logo en todo caso substituídos por terrazas de consumo. Agora, a máis, ese espazo de no que nos relacionamos é en boa parte describable en formato dixital. Algo no que tamén incide a súa mercantilización ou o seu alleamento dos nosos intereses e afastamento da súa xestión. Se estás nunha plataforma das chamadas 'redes sociais', poñamos, Facebook, Tik Tok, Twitter... estarás xa enterado de que son todas elas multinacionais que sacan proveito co que fas nelas. Todas con base (e poder de decisión) no estranxeiro. Todas te piden aceptación de cookies (mesmo se pagas


unha cota e mesmo se elixes que non te metan as 'non necesarias para o funcionamento'). Cookies que usan para recabar información do que fas en todo internet, non só na rede concreta que cho di. Todas venden eses datos que din o que es ti mellor que o poderías expresar ti mesmo. Todas te sacan do teu entorno próximo, que controlas, para te meter nun entorno que controlan e te controla. Todas, máis que facer ti uso delas, fan abuso de ti, do que es, do que queres, dos teus cartos, da túa mente, das que deberan ser túas decisións. En todas vas perdendo máis e máis soberanía dixital, ti, e contigo, contribúes de mil xeitos a arrastrar as túas amizades, a túa familia, a sociedade na que vives.

Para tentar evitar ser vasallos, mesmo escravos teledirixidos desas plataformas, e, a través delas, de diversos poderes alleos á democracia e á nosa comunidade, con intereses diferentes ós nosos, para evitalo, está comezando unha andaina amarinha.gal. Para facerse unha rede social da Mariña. José Manuel Ventoso xa ten creado unha 'instancia' (para entendérmonos, un espazo libre, asociado con outros no universo dunha rede de instancias asociadas, o 'Fediverso', a modo de elos nunha cadea). Un espazo pensado para e pola xente de A Mariña, aínda que ó seu través se podan atopar tamén novas e xentes de máis aló. Sobre o como, vindo doutros lugares dixitais pode resultar algo raro adaptarse a novos códigos, ao tempo que facer que se adapten a un. Pero se estas ideas che resultan interesantes convidámote a rexistrarte, entrar a fedellar. Iremos falando.



Antonio Gregorio

@ribadeando@amarinha.gal



únete a amarinha.gal

